

A Renda Básica das iguais: definición e características

Como definición, a *Renda Básica das iguais (RBis)*¹ consiste no dereito que ten cada persoa, soamente polo feito de nacer, a percibir periodicamente unha contía que lle permita cubrir as necesidades básicas. Así mesmo, e pra garantir este dereito, especificamos que os elementos que caracterizan a RBis son de dous tipos: *estructurais* e de *opción política*:

- Os *estructurais* consisten en establecer e soste que a RBis é *individual* (non é familiar); é *universal*, no dobre sentido de que non é contributiva e será percibida por todos de igual maneira; e é *incondicional*, tamén no dobre sentido de que non ten relación cos ingresos da persoa ou da familia, nin se ha de pasar polo mercado de traballo asalariado pra ter este dereito.
- Os de *opción política* consisten en que a *contía* ha de ser, polo mínimo, igual o limiar de pobreza;² a contía será dividida en dúas partes: *a que recibirá en man* a persoa (80% da RBis), e a que irá destinada a un fondo de RBis (o outro 20%) pra ser invertida en bens e servicios públicos (educación, sanidade, transporte público, servicios sociais, medio ambiente, etc.); será decidida e xestionada directamente polo colectivo ou a comunidade en cuestión. Co tempo, *reunifícanse* as outras prestacións sociais na RBis pra que todas as persoas reciban o mesmo; e que a loita social e política, que un dereito desta envergadura reclama, ha de ser asumida e levada o resto da sociedade polos *movementos sociais*.

A Renda Básica das iguais: algunhas das súas vantaxas

De todas as características que determinan a RBis, queremos destacar a importancia que teñen tres delas pras persoas, especialmente pra aquelas que desexan loitar contra o sistema:

- Que non haxa obrigación de pasar polo mercado de traballo supón un golpe o corazón do capitalismo. Da opción a xente a decidir sobre a súa propia vida, da autonomía sobre o que desexa facer e de como organizala. A RBis está *en contra do emprego asalariado, non das actividades creativas* que cada persoa elixa facer co seu tempo libre en cada intre.
- Que a contía sexa polo menos igual o limiar de pobreza, e que o termo empregado sexa o 50% da renda producida anualmente, lle da a cada persoa a autonomía e liberdade suficiente pra non pasar polo mercado de emprego asalariado. Contías menores impedirían esta autonomía.
- O Fondo Colectivo de RBis permite progresivamente independizarse do mercado pra cubrir as necesidades básicas e iniciar unha maneira colectiva de atendelas. Co tempo, e como parte dun proceso, a colectividade terá que ir reducindo o porcentaxe inicial do 80% individual pra nutrirse no mercado e ir aumentando o 20% destinado os de bens colectivos. Pra chegar a vivir nunha *sociedade de carácter comunalista*, o proceso tería que acabar eliminando o mercado capitalista e o Estado, e cambialos por formas colectivas de produción, consumo, xestión e valores comunistas. O ben común, como forma de apoio mutuo, tería que ser o obxectivo final dunha sociedade sen clases e sen xerarquías.

Agora be, a RBis no hai que mirala como si fose unha pócima, un xarope que todo o soluciona. Isto non quita pra que podamos citar moitas das súas vantaxas. Recordamos algúns dos bloques destas vantaxas que poden ser mais destacados:

- Reduce a inseguridade económica; reparte mellor a renda; a persoa pode elixir si quere o non aceptar un traballo asalariado; elimina a pobreza económica; os traballadores teñen mais poder de negociación no lugar de traballo pra negociar salarios, xornada e condicións laborais; a muller ten un colchón económico pra loitar contra a violencia de xénero na familia, na fábrica ou na oficina; os colectivos mais marxinalizados

¹ Pra ler en profundidade este capítulo tan conceptual, recomendamos dous libros indispensables: José Iglesias Fernández, *Las Rentas Básicas. El modelo fuerte de implantación territorial*. El Viejo Topo 2002, y *¿Hay alternativas al capitalismo? La Renta Básica de las iguales*. Baladre 2006.

² Adoptamos a definición da Unión Europea pra medir a pobreza das persoas de forma individual (ten outra pras familias). De acordo con esta definición, *o limiar de pobreza esta determinado pola metade da renda per capita*. Onde esta variable macroeconómica non está publicada, aplícase frecuentemente *a metade do PIB per capita*. No caso de medir e comparar a pobreza das familias nos diversos Estados que compoñen a UE, o porcentaxe é o 60% do salario medio equivalente.

terían unha axuda sen que mediase a Administración nin outras asociacións de beneficencia; as persoas ganarían en autonomía pra decidir que queren facer por elas mesmas, etc.

A Renda Básica das iguais: unha ferramenta pra mobilizar e loitar

Todo cambio social debe arrancar *dende abaixo*. Isto quere dicir que todo proceso de transformación social ha de estar caracterizado pola mobilización da participación cidadána. A RBis ten estas virtudes, polo que pode e debe ser un instrumento crucial na loita contra o capitalismo global. Neste intre, onde a maioría dos dereitos e posibilidades pra desenrolar unha vida con dignidade se ven fortemente agredidos y diminuídos, non cabe dúbida que a loita pola implantación da RBis te a particularidade de poder articular un proxecto político radical e común en termos de mobilización de cidadanía, que responda a os intereses materiais y sociais dos colectivos e organizacións moi diversos que imos a mencionar. É a dicir, pola súa natureza transversal, a RBis é un instrumento que te a vantaxa éo atractivo de poder aglutinar a maioría dos movementos que compoñen ese gran ámbito chamado a esquerda: o movemento *sindicalista*; o movemento entorno a *economía social*; o movemento *feminista*; o movemento *ecoloxista*; o movemento *okupa*; o movemento *contra o desemprego, a pobreza e a marxinação*; os movementos pola *profundización democrática e os dereitos humanos*; o movemento *estudiantil*; o movemento *antimilitarista*; o movemento en torno a xente de *papeis pra todos*, etc. Es dicir, la RB aborda unha multitude de intereses comúns, os cales poden servir como punto de partida pra conseguir unha serie de acordos e establecer unha acción de mobilización conxunta, a través da elaboración dun *programa común de obxectivos mínimos* pola transformación do sistema. A materialización dunha mobilización colectiva de esta envergadura é un dos aspectos mais importantes a destacar, e tería que ser un dos obxectivos inmediatos a conseguir: a potencialidade crítica pra un cambio social se concentra mais na posibilidade de lanzar un movemento social que no que o movemento poda conseguir... Pra aquelas persoas que están pola transformación da sociedade han de ser mais importantes os instrumentos de acción colectiva que se van consolidando que os propios resultados parciais que se vaian conseguindo. Neste momento, nos que vivimos e padecemos as consecuencias da globalización capitalista, a esquerda non debera menosprezar a forza subversiva que conte a *Renda Básica das iguais* pra loitar contra o poder do capitalismo.

A Renda Básica das iguais: estudo das posibilidades, pero tamén das limitacións, dunha implantación en Galicia

Xa dixemos noutros estudos ³ que a *Renda Básica das iguais (RBis)* non era un problema de falta de finanzas nin económico, senón que era político. Político no sentido de unha forte manca de vontade por parte dos gobernos de concedela, e dunha incapacidade dos colectivos que a defendemos de espertar na xente unha conciencia de loita por este dereito. Polo que, a razón principal de facer e incluír esta parte do traballo, mais ben numérico que ético, é precisamente pra demostrar os políticos e a sociedade en xeral o primeiro, e mover a xente a que se implique no segundo: a de *loitar contra as vontades dos poderes económicos e políticos ata implantala*. Neste sentido, e deixando de custado a propaganda política que sempre hai nestes informes, podíamos recordarlle o Goberno galego que, coa implantación da RBis en Galicia, estaría realizando de forma moi directa “esas políticas de inclusión e atención social, con incidencia nas áreas de benestar social, e adicadas os colectivos socialmente mais vulnerables [Desta maneira, o Goberno galego] ten a oportunidade histórica de dar un salto cualitativo a favor de combinar o crecemento económico coa cohesión social”. ⁴ Así mesmo repetimos que a *Renda Básica das iguais en Galicia (RBdisG)* é un instrumento que ten dous obxectivos: un primeiro, de curto prazo, consiste en *redistribuír as rendas dos que mais teñen nesta sociedade cap os que mais a necesitan*; un segundo, de longo prazo, e a de manter o intento de transformar o capitalismo nunha sociedade sen clases nin xerarquías.

O proceso que propoñemos pra implantar a RBis en Galicia é moi sinxelo. Só necesitamos esmiuzar a *poboación*, escoller un *limiar de pobreza* pra fixar a contía llo custo, precisar o *horizonte temporal* no que queremos distribuír a poboación total o largo do proceso. Isto daranos a cantidade de cartos que nos farán falta por ano e por colectivo, e finalmente proceder a precisar de que fontes sacaremos o *diñeiro* necesario en cada intre. Hai moitas maneiras de establecer o proceso. Pero, politicamente, nos apostamos por *dous modelos ou escenarios*:

- O primeiro deles e comezar por un escenario mais abordable dende o punto de vista do diñeiro que se necesita, e que lle chamaremos *principio de emerxencia social*; este modelo deixaranos ver que problemática urxe da súa implantación en unha poboación mais reducida, composta por cinco dos

³ Ver de José Iglesias Fernández, *Las Rentas Básicas. El modelo fuerte de implantación territorial*. El Viejo Topo 2002, y *¿Hay alternativas al capitalismo? Las Renta Básica de las iguales*. Baladre 2006.

⁴ Secretaría Xeral do Benestar. *II Plan Galego de Inclusión Social*. Xunta de Galicia 2009.

colectivos con mais necesidades de axuda entre a poboación: xente que está sen ou non atopa emprego, que está nas cárceres, ou que se ve imposibilitada por incapacidades físicas e mentais, mais a que está sufrindo agresión de xénero e as persoas “sen teito”. De feito, a selección que facemos neste traballo se corresponde coa maioría dos colectivos destinatarios que son prioritarios no II Plan Galego de Inclusión Social: “persoas con graves déficits de empregabilidade, con discapacidade, sen fogar, e reclusos/as ou ex reclusos/as”.⁵

▪ Comprobada a experiencia que resulta da aplicación do principio de emerxencia social, corrixidas as oportunas desviacións que se dan nestes casos, o proceso podería continuar co segundo modelo, o do *principio esperanza*,⁶ no cal o resto da poboación se incorpora dunha forma axeitada e sen problemas pra o modelo económico de desenrolamento.

O estudo será complementado con unha enquisa que exprese as opinións sobre a implantación da RBdisG da xente que serían os beneficiarios nos grupos de emerxencia, dos colectivos, das asociacións e fundacións que traballan directamente ou aportan recursos financeiros pra estas xentes, das traballadoras sociais, persoal das diversas administracións, etc. Isto, dicimos, dará unha boa visión da subxectividade que este dereito pode provocar na poboación en xeral, e nestes grupos en particular.

Algunhas posicións ideolóxicas a ter en conta

Na súa máis sinxela definición, a proposta da RB concita varias aptitudes ideolóxicas a nivel mundial Pode, e así é aceptada pola *corrente convencional*, hai que dicir que dominante no mundo académico é político, que sexa interpretada como *un mecanismo asistencial* de cara os grupos de xente máis pobre do Estado; os grupos e persoas que defenden esta visión non se propoñen cambiar o capitalismo senón corrixir as súas profundas mancaduras na distribución da renda; é dicir, suavizar unicamente pobreza. En colectivos e movementos como Baladre, de índole máis antisistema, incorporouse a moitas outras actividades políticas e sociais porque fixemos dela unha *lectura crítica*, incluíndolle unhas características novas que ha fan un instrumento eficaz de loita contra o sistema. Hai tamén unha posición xeral *de rebutada* debido a varias razóns: unhas xentes pensan que impulsa a vagancia (grupos de esquerda e de dereita), mentres outros están máis por procesos máis radicais, como a toma do palacio de inverno xa, agora mesmo. Todas as opcións políticas son, na opinión das xentes de Baladre, moi respectables, pero nos non has compartimos e defendemos a nosa interpretación da RBis: *só é un instrumento idóneo dentro de un proceso de transformación, pra loitar contra o capitalismo e pouco máis*.

José Iglesias Fernández
Barcelona, agosto del 2010.

⁵ Secretaría Xeral do Benestar. *II Plan Galego de Inclusión Social*. Xunta de Galicia 2009.

⁶ En referencia o excelente traballo sobre as utopías de Ernst Bloch. *El principio esperanza*. Editorial Trotta 2006.

Apéndices

Cadro 1. Principio de emerxencia social: Beneficiarios, renda básica e custo total 2008

	Número de persoas	RBis anual en euros	Custo total en euros	%	% da poboación total	RBdisG en % del PIB
Desempregadas	200.000	10.565	2.113.000.000	39,6	7,2	3,6
Incapacitadas	292.900	10.565	3.094.488.500	58,0	10,5	5,3
En cárceres	5.084	10.565	53.712.460	1,0	0,2	0,1
Violencia de xénero	5.000	10.565	52.825.000	1,0	0,2	0,1
Sen teito	2.000	10.565	21.130.000	0,4	0,1	0,0
Total 5 colectivos	504.984		5.335.155.960	100,0	18,2	9,1
Pensións no contributivas	58.022	10.565	613.002.430		2,1	1,0
Poboación total	2.784.169					
PIB en euros 2008			58.830.000.000			

Salario medio bruto 17.808

% RBis s/ salario medio bruto 59,3%

Fonte: Elaboración propia con datos dos cadros no Apéndice.

Cadro 2. Principio de emerxencia social. As fontes financeiras da RBdisG 2008

	% de participación financeira	Aportación en euros
Administración central	32,5	1.733.925.687
Goberno autonómico galego	32,5	1.743.925.687
Diputacións galegas	15,0	800.273.394
Concellos galegos	15,0	800.273.394
Caixas galegas	3,5	186.730.459
Fundacións galegas	1,5	80.027.339
	100,0	5.335.155.960

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 3. Custo e fontes financeiras da RBdisG. En porcentaxe do PIB. Fases 2010.2025

Fontes financeiras	Financiación En % do PIB	Custo en % do PIB	Total Poboación
IRPF	4,0	7,2	Labores do fogar
Sociedades	4,0	0,8	Outra situación + SM
			Fase 2010-2012
			Desempregados
Patrimonio e herdanza	1,5	1,3	Primeiro emprego
Coutas a Seguridade Social	4,0	2,7	Con anterior emprego
Evasión fiscal	5,5	4,6	Estudiantes
Outros	0,5		Fase 2013-2015
(IVA, prod neces 0%; de luxo 35%)		6,1	Poboación menor de 16 anos
			Fase 2016-2017
Recursos fiscais	19,50	22,6	Total Fases 2010-2017
En subvencións/axudas	2,0	8,0	Xubilados
En empresas	3,5	2,2	Pensionistas
En igrexas e ONGs	0,5		Fase 2018-2020
			Ocupados
En defensa e seguridade cidadán	1,0	1,2	Traballadores non especializados
En gasto no Estado do benestar	14,5	3,7	Construc, Indust, minería, transporte
		3,5	Agricultura e gandería
			Fase 2021-2023
Asignación do gasto público	21,50	18,5	Total Fases 2018-2023
		1,6	Hospedaría e outros servicios
		1,6	Comercio
Da economía somerxida	4,5	1,9	Poboación estranxeira
Da taxa Tobin	3,0		Fase 2024
Das deputacións, caixas, fundacións	1,5	1,5	Persoal administrativo
		1,0	Técnicos e similares
		0,6	Docentes e titulados
		0,2	Directivos AA.PP. e empresas
		0,5	Poboación a incorporar
			Fase 2025
Novos recursos fiscais	9,0	8,9	Total Fases 2024-2025
Total fontes financeiras	50,0	50,0	Incorporación final

Fonte: Elaboración propia

Nota. Está escrito no galego de ilustres ourensáns, como Valentín Lamas Carvajal (Ourense 1849), Manuel Curros Enríquez (Celanova - Ourense 1851), Xavier Prado Lameiro (Ourense 1874), Vicente Risco (Ourense 1884), Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888), Eduardo Blanco Amor (Ourense 1897); ou galeguistas como Eduardo Pondal (Ponteceso – A Coruña 1835), Rosalía de Castro (Santiago de Compostela - A Coruña 1837), Ramón Cabanillas (Cambados - Pontevedra 1876), Alfonso Castelao (Rianxo - A Coruña 1886), e Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo – Lugo 1911), por nomear algúns dos máis famosos.

Xa sei que non escribo en galego. Nacín e son analfabeto na miña lingua. Dígoche isto porque mira si non é máis vello e enxebre o meu co que falades algunhas xentes agora. Non fai falta que che diga que a vosa grafía non me agrada nada. Pero, qué lle farei! Je, je, je. Bé, fai o que podas e queiras.